



A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

EDICIÓN 2016

Índice

Presentación do estudo

I. Caracterización do sector empresarial galego

II. Contratación de Internet

III Integración das TIC nos procesos produtivos

IV. Páxina web e redes sociais

V. Comercio electrónico

VI. Política de seguridade

VII. Gasto en TIC

Conclusiones

Presentación do estudo

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste diagnóstico sobre “A Sociedade da Información nas empresas de Galicia. Edición 2016”

Marco estratéxico: Axenda Dixital de Galicia 2020.

Obxectivos:

Analizar en detalle, e cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada coa:

- Conectividade a Internet
- A xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC
- A dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing
- Comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet
- Política de seguridade e Gasto TIC

I. Caracterización do sector empresarial galego (I)


Ubicación das empresas

(Total de empresas)

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS | TOTAL |
|--------------|------------------------------|--------------------------------|----------------|
| A CORUÑA | 79.100 | 3.056 | 82.156 |
| LUGO | 23.599 | 754 | 24.353 |
| OURENSE | 22.357 | 704 | 23.061 |
| PONTEVEDRA | 65.321 | 2.647 | 67.968 |
| TOTAL | 190.377 | 7.161 | 197.538 |

Distribución das empresas segundo número de traballadores/as

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2016

No ano 2016, había en Galicia 197.538 empresas; 1.943 máis que o ano anterior.

Seguen a primar as microempresas (entre 0 a 9 traballadores/as), que representan ao 96,4% do total do tecido empresarial galego.

O 76% das empresas galegas ubícanse nas provincias da Coruña e Pontevedra.

I. Caracterización do sector empresarial galego (II)




A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 78,7% das empresas galegas.

O 55,4% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”


Actividade das empresas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Forma xurídica das empresas


(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2016

II. Contratación de Internet (I)

**Contratación de Internet:
Microempresas e Empresas de 10 e máis empregados/as**
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Contratación de Internet: amplamente estendida nas grandes empresas. No caso das microempresas sitúase no 57,6%.

No último ano, a banda larga móbil en Galicia experimentou un aumento superior a 3 puntos entre as grandes empresas acadando a converxencia coa media estatal. No caso das microempresas, o aumento foi de 4,8 puntos.

O acceso a Internet a través de solucións de calidade é un activo clave para mellorar a competitividade das empresas de forma sostible, fomentar o seu crecemento e innovación e apoiar a súa expansión internacional

**Conexión a Internet a través de Banda larga móbil.
Empresas de 10 e máis empregados/as.**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet

II. Contratación de Internet (II)

Velocidade de conexión a Internet contratada. Galicia



Un 49,3% das microempresas con conexión a Internet posúe velocidades de contratación superiores aos 10 Mb/seg, 5 puntos máis que no ano anterior.

No caso das grandes empresas, cabe salientar o significativo aumento nas velocidades superiores aos 100 Mb/seg, que acadan xa unha porcentaxe do 22,3%, 7,3 puntos máis que no ano anterior.

Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet


III. Integración das TIC nos procesos produtivos (I)

Un dos obxectivos deste estudo é analizar integración das TIC nos procesos produtivos das empresas aproveitando o impulso da dixitalización para mellorar o seu negocio.

A sinatura dixital é utilizada por tres de cada catro empresas de máis de 10 traballadores/as, e un 41,7% das microempresas con conexión a Internet. Destaca especialmente o incremento experimentado nas microempresas galegas (6,8 puntos no último ano).


O envío da factura electrónica emprégase, en maior medida, en Galicia que en España, tanto nas microempresas como nas grandes empresas.

Sinatura dixital e envío de factura electrónica nas microempresas
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Sinatura dixital e envío de factura electrónica nas empresas de 10 ou máis empregados/as
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

III. Integración das TIC nos procesos produtivos (II)

Compra de solucións Cloud Computing

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A compra dalgún servizo Cloud Computing nas empresas galegas progresa lixeiramente, chegando a un 17,8% en empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade na nosa Comunidade.

As solucións relacionadas con tecnoloxías Cloud máis empregadas son as de almacenamento de ficheiros, seguidas da xestión de e-mail baseado en Cloud.

Solucións de Cloud Computing: Desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

III. Integración das TIC nos procesos produtivos (III)

O uso de CRM, está claramente influenciado polo tamaño da empresa: Nas microempresas a súa utilización é do 7,4%, mentres que nas empresas de máis de 10 traballadores/as, acada ao 38,3% das empresas con actividade en Galicia.

Evolución positiva deste indicador no caso das microempresas, cun aumento de 2,4 puntos no último ano

Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas CRM. Galicia




Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet

Empresas que analizaron Big Data no último ano

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE


A porcentaxe de empresas galegas que incorpora a análise Big Data é aínda pequeno: as microempresas que analizan macrodatos dos seus clientes é dun 3%, triplicándose no caso de empresas de maior tamaño.

IV. Páxina web e redes sociais (I)

Un terzo das microempresas con conexión a Internet e un 79,6% das grandes empresas con actividade na nosa Comunidade, posúen páxina web.


Cabe salientar o significativo incremento na dispoñibilidade de páxina web nas microempresas (5,7 puntos), o que as sitúa máis de 2 puntos porcentuais por riba da media estatal.

Dispoñibilidade de páxina web
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Empresas que utilizaron medios sociais
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


Un 28,6% das microempresas con conexión a Internet están presente en medios sociais, e un 42,6% no caso das grandes empresas.

A presenza en medios sociais durante o ano 2016 aumenta en tres puntos porcentuais nas grandes empresas con sede ou actividade en Galicia e 1,3 puntos porcentuais nas microempresas.

IV. Páxina web e redes sociais (II)


Un 10% das microempresas pagan por anunciarse en Internet, se ben esta porcentaxe chega a duplicarse entre as empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia (un 22%).

Empresas que pagan por anunciarse en Internet
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Empresas que pagan por anunciarse en Internet usando publicidade dirixida
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Nas microempresas, o uso de publicidade dirixida a clientes concretos usando Internet é do 9,4%, duplicándose novamente entre as grandes empresas con actividade en Galicia (19,7%).


A tipoloxía de publicidade dirixida máis utilizada polas empresas galegas é a que se basea en contidos da páxina web (cookies) ou a procura de palabras chave por usuarios/as.

V. Comercio electrónico (I)

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)



Fonte: INE

Unha de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia fixeron compras a través de Internet durante o último ano, fronte ao 17% das microempresas.


As microempresas galegas superan en compras a través de Internet no último ano á media estatal (un 17% fronte ao 16,6%), debido ao forte crecemento experimentado no último ano (6 puntos porcentuais).

V. Comercio electrónico (II)

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)




Fonte: INE

As vendas a través de Internet están moi influenciadas polo tamaño da empresa. Un 21,5% das grandes empresas con sede e/ou actividade en Galicia venderon a través de Internet fronte ao 3,8% no caso das microempresas.

VI. Política de seguridade

Empresas con política de seguridade definida

(%sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Máis dun 85% das grandes empresas dispoñen dalgún plan interno que defina a súa política neste ámbito.

O sistema interno para a seguridade máis empregado polas empresas galegas é o da autenticación mediante contrasinais seguros.



Tipoloxía de sistemas internos de seguridade

(% sobre o total de empresas que teñen unha política de seguridade TIC definida)




Fonte: INE

VII. Gasto en TIC



O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC **superou os 337 millóns de euros**, se ben as diferencias entre as pequenas e as grandes empresas son novamente sobresaíntes, de xeito que o 75% do gasto total foi realizado polas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2015
(Miles de euros sobre o total de empresas)



Conclusións

- No ano 2016, en Galicia había un total de **197.538** empresas, 1.943 máis que o ano anterior das que o **96,4% son microempresas**.
- As conexións de **100Mbps ou superiores xa están presentes no 22,3%** das grandes empresas galegas, 7,3 puntos porcentuais máis que no 2015
- Significativo **incremento da sinatura dixital** entre as microempresas galegas: 6,8 puntos no último ano
- Un **82,4%** das grandes empresas galegas e un **65%** das microempresas con conexión a Internet, conéctase á Rede a través da **banda larga móbil**. No último ano a banda larga móbil en Galicia experimentou un aumento superior a 3 puntos entre as grandes empresas, acadando a converxencia coa media estatal e, no caso das microempresas o aumento foi de 4,8 puntos.
- Incremento de 5,7 puntos na dispoñibilidade de **páxina web entre as microempresas galegas** con conexión a Internet, o que as sitúa **máis de 2 puntos porcentuais por riba da media estatal**.
- A presenza en redes sociais durante o ano 2016 aumenta en tres puntos porcentuais nas grandes empresas e 1,3 puntos porcentuais nas microempresas.
- Un 10% das microempresas pagan por anunciarse en Internet, duplicándose esta porcentaxe entre as grandes empresas.
- O **uso de publicidade dirixida en Internet entre as microempresas** é do 9,4%, duplicándose entre as grandes empresas con actividade en Galicia (19,7%).
- O **gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 337 millóns de euros**. O 75% do gasto total foi realizado polas grandes empresas.
- O crecemento do gasto en bens TIC entre as microempresas foi dun 45%, pasando de 26 a case 38 millóns de euros. O gasto nas grandes empresas pasou de 63 a a 72,8 millóns de euros, o que supón un crecemento do 15%.

Fonte de información:

A información que se amosa neste documento procede da Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.

Datos complementarios aos publicados polo INE:

O Convenio de Colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.



Máis información: www.osimga.org